

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO. RELACIÓN DE ADMITIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 MONITOR DEPORTIVO-SOCORRISTA PARA O SERVIZO DENOMINADO MONITOR DEPORTIVO-SOCORRISTA DO CONCELLO DE LOBIOS E DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL CUALIFICADOR

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente en materia de persoal e finalizado o prazo de presentación de instancias da convocatoria realizada ao abeiro das axudas e subvencións para a **MELLORA DA EMPREGABILIDADE** da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG nº 87 do 8 de maio de 2017), dunha praza de **MONITOR DEPORTIVO-SOCORRISTA**, a través da presente Resolución apróbase a relación de admitidos/as e excluídos/as:

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a relación de admitidos/as e excluídos/as para o referido proceso:

RELACIÓN DE ADMITIDOS

APELIDOS E NOME	Núm. R.E.
López Araujo, Yannick	1.033

RELACIÓN DE EXCLUÍDOS: Ningún

SEGUNDO. Sinalar a data de avaliación dos méritos para o día 04/07/2017 ás 08:30 horas na casa do Concello de Lobios.

TERCEIRO. Designar como membros do tribunal cualificador das probas selectivas para prover polo sistema de contratación temporal dun/ha MONITOR DEPORTIVO-SOCORRISTA aos/ás traballadores/as do Concello que se relacionan a continuación:

- Presidente: D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, na súa calidade de funcionario do Concello de Lobios
- Secretario: D. Emmanuel López Ares, na súa calidade de Secretario-Interventor do Concello de Lobios (con voz e sen voto).
- Primeiro vogal: Dna. María del Carmen Rodríguez Fernández, na súa calidade de funcionaria do Concello de Lobios
- Segundo vogal: Dna. Rosa María García González, na súa calidade de funcionaria do Concello de Lobios

CUARTO.- Convocar ás anteditas persoas para as 8:30 horas do día 4 de xullo de 2017 coa finalidade de proceder á valoración dos méritos dos/as candidatos/as presentados/as, levantando acta da sesión e elevar a correspondente proposta de contratación á Sra. Alcaldesa.

QUINTO. Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lobios.

Lobios, 3 de xullo de 2017

A Alcaldesa,


María del Carmen Yáñez Salgado


Dou fe, o Secretario,

Emmanuel López Ares